



## **RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DO 7 DE MAIO DE 2020 SOBRE O RESTABLECEMENTO DO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021**

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de facer fronte á situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.

En aplicación do recollido na disposición adicional terceira do devandito real decreto, así como no apartado sétimo do Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) do 15 de marzo, mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público de Galicia como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, suspendeuse o prazo para a presentación de solicitudes do procedemento de admisión de alumnado para o curso 2020/2021.

O punto 4 da citada disposición adicional terceira recolle a posibilidade de acordar motivadamente a continuidade daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Por outra banda e de conformidade co previsto na Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19, en cuxo anexo III se determinan as *Directrices específicas de actuación acordadas por etapas ou ensinanzas, a desenvolver durante o terceiro trimestre do curso escolar 2019-2020 e o inicio do curso escolar 2020-2021*, as administracións educativas poderán asignar, de xeito excepcional e durante o período de admisión e escolarización do vindeiro curso, as funcións de supervisión do proceso de admisión de alumnado propias das comisións ou órganos de garantías de admisión á inspección educativa ou a outra unidade administrativa.

Tendo en conta o recollido nos parágrafos anteriores considérase necesario poder restablecer o prazo de presentación de solicitudes do proceso de admisión de alumnado do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2020/2021, e adaptar tamén as fases posteriores, modificando e axustando as datas, e asignando as competencias das comisións de escolarización aos servizos territoriais de Inspección educativa; todo isto coa finalidade de que sexa posible tramitar todo o proceso procurando a súa resolución á maior brevidade para un correcto funcionamento do servizo público da educación, de xeito que os centros e o profesorado poidan preparar con normalidade o novo curso e se minimicen así as



consecuencias para familias, alumnado e centros logo da situación excepcional de emerxencia sanitaria que motivou a súa paralización.

Así mesmo, garántase que o alumnado teña asignada a praza no centro que lle corresponda e poida formalizar a súa matrícula dentro do período ordinario anual que establece a normativa reguladora. Son tamén razóns de interese público as que aconsellan a aplicación a este procedemento da tramitación de urxencia prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, adaptando as distintas datas e fases segundo os axustes que se consideran necesarios.

Por canto antecede, e de conformidade co Acordo do 5 de maio de 2020 do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), relativo ao restablecemento do procedemento de admisión de alumnado do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2020/21, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

### **RESOLVE:**

*Primeiro. Prazo de presentación de solicitudes de admisión*

Restablecer o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma, de xeito que se iniciará o día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 do mesmo mes.

O centro educativo deberá rexistrar as solicitudes na aplicación informática de xestión do proceso, «*admisionalumnado*», durante o día inmediato hábil seguinte ao da súa presentación.

*Segundo. Novos prazos do procedemento<sup>1</sup>*

a) De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os demais prazos do procedemento de admisión redúcense á metade.

b) Sen prexuízo do anterior, establécense os seguintes novos prazos do proceso:

- Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: ata o día 26 de maio de 2020.
- Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido: antes do 9 de xuño de 2020.
- Poderanse formular reclamacións contra as listaxes provisionais no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.

<sup>1</sup> ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado (DOG do 15 de marzo de 2013)



- Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido: ata o 26 de xuño de 2020.
- Formalización da matrícula en educación infantil e primaria: do 1 ao 10 xullo de 2020.
- Formalización da matrícula ordinaria en educación secundaria obrigatoria e bacharelato: do 1 ao 10 xullo. Prazo extraordinario: do 1 ao 10 de setembro de 2020.

### Terceiro. *Adxudicación subsidiaria de postos escolares*

Con carácter excepcional, non se constituirán as comisións de escolarización<sup>2</sup> Todas as funcións para a adxudicación subsidiaria de postos escolares<sup>3</sup> que se atribúen ao devandito órgano do proceso de admisión serán asumidas e desenvolvidas polos Servizos Territoriais de Inspección Educativa de cada unha das xefaturas territoriais da Consellería.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2020

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo

---

2 Artigos 15, 16 e 17 do DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de decembro de 2012)

3 Artigos 35 e 36 da ORDE de 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado (DOG do 15 de marzo de 2013)